


# **Memoria descriptiva e gráfica**

EDLG - IES San Clemente

Ano escolar 2023 - 2024



## Índice.

Introdución .....	3
Obxectivos e actividades .....	3
Contorno do centro .....	3
Profesorado.....	3
Alumnado .....	4
Centro.....	5
Actividades principais .....	6
Concursos e certames .....	6
Publicacións relacionadas .....	7
Revista Rumbo.....	7
Cambios realizados. ....	8
Propostas de mellora para o próximo ano lectivo. ....	8

## Introdución

A principios do ano escolar, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega do IES San Clemente redactou e publicou o **Proxecto de fomento do uso do galego 2023-2024**, que se pode consultar no seguinte enderezo:

<https://www.iessanclemente.net/plurilinguismo/equipo/>

Esta memoria recolle as actividades realizadas, detalla aquelas para as que se concedeu a asignación económica de Política Lingüística e relaciónase cada gasto coa actividade correspondente.

Tamén dá conta dos cambios realizados con respecto á programación inicial, avalíase a consecución dos obxectivos previstos e propóñense melloras para o futuro.

## Obxectivos e actividades

O obxectivo principal do Equipo de Dinamización da Lingua Galega é potenciar o uso do galego no centro educativo. Esta é a descrición dos obxectivos específicos baseándonos no estudo sociolingüístico do centro:

Avaliamos a consecución dos obxectivos específicos e as actividades realizadas:

### Contorno do centro

1. Dar visibilidade aos proxectos e actividades do centro e doutras entidades para que a cidadanía saiba do noso compromiso coa lingua. Conseguido.

Actividades:

- Rumbo: publicación en formato A5 con todo o material desenvolvido durante este ano (por exemplo, os relatos premiados, etc.). Realizado.
- Difusión na web, redes sociais e prensa das actividades realizadas no centro, relacionadas directa ou indirectamente coa lingua galega. Realizado.
- Participación en actividades organizadas polo servizo de Lingua Galega do Concello de Santiago de Compostela e pola Deputación da Coruña. Non realizado.
- Pago e mantemento da web e Moodle da Embaixada eTwinning Galicia. Non realizado.

### Profesorado

1. Fomentar o uso do galego a nivel oral e escrito coa participación en actividades e proxectos nos que o uso do galego é fundamental. Conseguido.

Actividades de promoción da lingua por medio de eTwinning:

- Christmas Card Exchange 2023-2024. Parcialmente realizado.
  - Letras galegas 2024 – Luísa Villalta Parcialmente realizado.
  - Publicacións da embaixada eTwinning Galicia. Non realizado.
  - Ofrecemento permanente ao Servizo Central de Bruxelas para traducir as interfaces do eTwinning Live e TwinSpace ao galego. Non realizado.
2. Garantir unha oferta de materiais didácticos de calidade e en diversos soportes. Conseguido.
- Actividades:
- Solución de dúbidas aos membros da comunidade educativa. Realizado.
3. Publicar nos diferentes apartados temáticos da web do instituto e nas TVs dos corredores. Conseguido.
- Actividades:
- Publicación de artigos: “Novas” e “Novas de dinamización lingüística”. Realizado.
  - Axuda e colaboración para a publicación noutros apartados como “PluriFP”, “Proxectos europeos”, “Orientación” e “Obradoiro da Igualdade”. Realizado.
  - Incorporación de vídeos á lista de reprodución de YouTube de música galega moderna. Non realizado.
  - Publicación de traballos realizados en cooperación con EDLGs doutros centros. Non realizado.

## Alumnado

1. Asegurar que o alumnado acadade a competencia lingüística propia do nivel nas dúas linguas oficiais. Conseguido.
- Actividades:
- Información e orientación ás persoas que o soliciten. Realizado.
  - Participación en actividades e proxectos. Realizado.
2. Fomentar o uso do galego a nivel oral e escrito coa participación en actividades, concursos e proxectos nos que o uso do galego é fundamental. Conseguido.
- Actividades:
- Participación en concursos do EDLG e doutras entidades. Realizado.
  - Participación nas actividades organizadas pola Deputación da Coruña e polo Concello de Santiago de Compostela. Realizado.

- Actividades de promoción da lingua por medio de eTwinning: Christmas Card Exchange 2023-2024 e Letras galegas 2024 – Luísa Villalta. Parcialmente realizado.
3. Eliminar prexuízos e comprender que o galego é unha lingua importante no seu futuro laboral. Conseguido.
- Actividades:
- Participación en proxectos eTwinning. Non realizado.
  - Participación ou colaboración, cando as circunstancias o permitan, no Plan Proxecta e outros. Non realizado.

## Centro

1. Esixir o cumprimento da lexislación sobre o uso da lingua galega no sistema escolar, adaptada ás súas especificidades e orientada a acadar unha boa competencia nas dúas linguas oficiais. Conseguido.
- Actividades:
- Información e orientación aos docentes que o soliciten. Realizado.
  - Solicitud a Consellaría de Educación de maior presenza do galego nos materiais de FP a distancia. Non realizado.
2. Coidar de maneira especial o uso da lingua nas plataformas educativas, actualizándoas e someténdoo a continuas revisións. Parcialmente conseguido.
- Actividades relacionadas coa páxina web [www.iessanclemente.net](http://www.iessanclemente.net): plataforma educativa a distancia, plataforma educativa "Mestre", wikis de manuais e axuda:
- Atención á utilización da lingua galega nas plataformas educativas, someténdoo a continuas revisións. Parcialmente realizado.
  - Información sobre a normativa vixente. Realizado.
  - Información sobre os obxectivos e as actividades do EDLG en <https://www.iessanclemente.net/plurilinguismo/equipo/> Realizado.
3. Manter a presenza do galego en todos os proxectos locais, autonómicos, nacionais e internacionais, situándoo ao mesmo nivel que o resto das linguas. Conseguido.
- Actividades:
- Proxectos eTwinning indicados en puntos anteriores. Parcialmente realizado.
  - Solicitar ao SNA eTwinning España que modifiquen a aplicación de eTwinning Live para poder marcar a opción "galego" como idioma de traballo dun participante ou dun proxecto. Non realizado.

- Colaboración estreita cos departamentos de Bioloxía Realizado. e Xeoloxía, Matemáticas, Lingua Galega, Francés e Obradoiro da Igualdade.

## Actividades principais

Descubrimos con detalle as actividades principais propostas e finalmente realizadas no presente ano escolar, para as que se solicitou financiamento da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

### Concursos e certames

Realizamos todas as convocatorias previstas, xa que falamos de concursos e certames que tiveron éxito en anos anteriores. Pretenden estimular a creación literaria e audiovisual utilizando o galego.

Para a comunidade educativa do IES San Clemente (orçamento de 800 €):



1º Premio: 100 €

2º Premio: 75 €

3º Premio: 50 €

+ Accésit: 30€



1º Premio: 100 €

2º Premio: 75 €

3º Premio: 50 €



Modalidade de poesía:

1º Premio: 100 € / 2º premio: 75 €

Modalidade de prosa:

1º Premio: 100 € / 2º premio: 75 €

A nivel autonómico (orçamento de 450 €):



1º Premio: 100 €

2º Premio: 75 €

3º Premio: 50 €



1º Premio: 100 €

2º Premio: 75 €

3º Premio: 50 €

+ Accésit: 30€



1º Premio: 150 €

2º Premio: 100 € (Deserto)

Os premios, por norma xeral, son vales que se poden cambiar por material informático, de papelería ou libros.

- Orzamento total para concursos e certames: 1500,00 €
- Gastos: 1460,00 €

Finalmente o orzamento inicial viuse diminuído en 40 €. Por unha banda, o segundo premio do 4º Concurso de Proxectos Innovadores, cun valor de 100 €, quedou deserto. E, por outra, foron distribuídos a maiores 2 accésits de 30 € cada un tanto no 9º Certame de Microvídeos coma no 14º Concurso de marcapáxinas Letras Galegas 2024: Luísa Villalta (todos os cambios indicados na táboa anterior en cor azul)

Destinamos o total da axuda concedida (501 €) a estas actividades.

### Publicacións relacionadas

Como vén sendo habitual nos últimos anos, publicouse en formato físico a proposta gañadora do primeiro premio do, neste caso, 14º Concurso de marcapáxinas Letras Galegas 2024: Luísa Villalta.

- Orzamento: 00,00 €
- Gastos: 00,00 € (foron un total de 27 € que se descontaron do remanente de 81,57 € que existía na imprenta coa que traballamos).

## Revista Rumbo

Neste curso 2023-2024 levamos a cabo a edición do noveno número da publicación Rumbo, revista que recolle todo o material desenvolvido durante este ano (obras seleccionadas nos concursos e certames do EDLG, exposicións, presentacións, etc).

Desta maneira damos visibilidade aos contidos creados polo alumnado e profesorado, en galego, nunha publicación física (desta volta, 30 exemplares a disposición do alumnado no vestíbulo do instituto) e dixital, difundida a través da web do centro:

<https://www.iessanclemente.net/plurilinguismo/rumbo/>



**RUMBO**<sup>9</sup>  
AO RECOÑECEMENTO

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA | IES SAN CLEMENTE

- Orzamento: 100,00 €
- Gastos: 80,13 € (foron un total de 134,70 € ao que se lle descontou o resto do remanente, de 54,57 €).

## Cambios realizados.

- Por unha cuestión loxística relativa a eTwinning, decidiuse que o 14º Concurso de felicitacións de aninovo e o 14º Concurso de marcapáxinas Letras Galegas 2024: Luísa Villalta tiveran lugar sen empregar dita plataforma. É dicir, os concursos planeáronse de tal xeito que puidera participar todo o alumnado do noso centro (ESA, Bacharelato e FP), así como todo o alumnado doutros institutos que tiveran coñecemento desta iniciativa e estiveran interesados na mesma. De aí que se indicara ao inicio deste documento que ditas actividades foran parcialmente realizadas, xa que si tiveron lugar con normalidade, só que prescindindo desta ferramenta a nivel europeo.
- Como xa se comentou con anterioridade, concedéronse dous accésits de 30 € cada un, un no 9º Certame de Microvídeos e outro no 14º Concurso de marcapáxinas Letras Galegas 2024: Luísa Villalta.
- En vez de subir vídeos musicais á canle de Youtube do IES San Clemente, pouco empregada para estes fins, creouse unha listaxe de reprodución de música en galego na aplicación Spotify, moito máis afín hoxe en día ao alumnado:  
<https://open.spotify.com/playlist/0W4wpgTdCQQfkYyBL1plcv?si=5ca753f6bbce4e92>
- Ademais de informar sobre as convocatorias dos certames e concursos, así como dos seus respectivos veredictos, publicouse na web do centro unha primeira entrada coa presentación do Equipo de Dinamización da Lingua Galega para este curso 2023-2024, outra facendo fincapé na terrible ofensiva israelí con recomendacións literarias sobre a historia do pobo palestino: "Contra a barbarie en Gaza, lecturas sobre Palestina", e tamén enviouse un correo electrónico con motivo das Letras Galegas 2024 para felicitar o día á comunidade educativa e achegar información interesante sobre a homenaxeada, a coruñesa Luísa Villalta.
- Levouse a cabo tamén, durante o mes das Letras, o visionado do documental sobre Luísa Villalta, "A rebelión da palabra", en todas as pantallas do centro situadas en lugares comúns e, polo tanto, a disposición tanto do alumnado como do resto da comunidade educativa.
- Por último, en relación á revista Rumbo, déuselle unha volta ao deseño, introducindo cambios importantes grazas ao emprego da aplicación Canva. Ademais, tendo en conta que todos os anos sobran moitos dos exemplares impresos, decidiuse baixar o encargo de 50 a 30 que, como xa se indicou previamente, estarán a disposición do alumnado no vestíbulo do instituto.

## Propostas de mellora para o próximo ano lectivo.

- Suxírese que todo o profesorado do centro, non só os membros do EDLG, achegue ideas, novas para publicar na web do centro ou participe noutras actividades, aínda que non figuren no Plan Anual.



- En relación ás pantallas do IES San Clemente, propónse incrementar a reprodución de presentacións coas novas do EDLG, traballos do alumnado, traballos do EDLG, etc.
- Fomentar máis a participación do alumnado que forma parte do EDLG, e tentar que haxa representación de alumnos e alumnas de todos os niveis educativos que se imparten no IES San Clemente.
- Crear un novo concurso destinado ao deseño da portada para a revista Rumbo, que recolle os traballos do EDLG realizados ao longo do curso.
- Darlle un maior uso ás redes sociais do instituto, especialmente á conta de Instagram, aínda que só sexa para publicitar cada un dos concursos e certames propostos polo EDLG.

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2024.

A Coordinadora do EDLG

Visto e prace do director

Stela Iglesias García

Víctor Lourido Estévez